

# Bloque

## Oleiros

Número 7. Epoca 1ª / Decembro 2009

Impreso postal sen enderezo

“O BNG considera o inicio do proceso da expropiación como un logro veciñal e un acto de xustiza”

## Proxecto de reordenación dos accesos e do contorno da praia de Naval

# Con máis de 8 anos de atraso, iniciáronse as expropiacións dos accesos a Naval



Fina Quintáns

O BNG de Oleiros congratúlase de ter obtido, por medio da presión veciñal, que se teñan reiniciado as expropiacións de terreos para acometer o proxecto de reordenación dos accesos e do contorno da praia de Naval en Dorneda.



[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)  
Edita: BNG Oleiros

Logo de 8 anos de atraso por parte do goberno local, as xustificacións deste por tantos anos de espera argumentando problemas co Catastro, ou “falta de vontade dalgúns veciños”, non se corresponden nin coas declaracións feitas hai un ano polo alcalde nin explican porque hai só un ano non se podía acometer este proceso e agora si. Só a mobilización dos veciños e veciñas encabezados pola nosa portavoz municipal Fina Quintáns, así como as 500 sinaturas recollidas polo BNG de Oleiros na zona explican o cambio de actitude do goberno local, que tamén se viu influído por un representante veciñal nun pleno.

O goberno do Concello de Oleiros tiña a inicios do pasado mandato un proxecto para a adecuación do contorno da praia de Naval, así como dos seus accesos. Mais constatouse que lamentablemente dito proxecto caeu en saco roto e que o alcalde foi quen de se dar moita présa para gastar o diñeiro das veciñas e dos veciños en estatuas por valor de máis de 180.000 euros (máis de 30 millóns das antigas pesetas) en vez de dedicar o diñeiro público para as necesidades reais do concello. Aquel proxecto que foi abandonado polo goberno local prevía aparcadoiros, adecuación do contorno e mellora dos accesos e zonas verdes, etc., mais o proxecto continuou tan abandonado como os accesos á praia de Naval e o seu contorno.

O BNG considera o inicio do proceso da expropiación como un logro veciñal e un acto de xustiza, pois esta praia próxima a Santa Cruz non merece o estado de abandono en que o goberno do Concello a deixou nin a falta de limpeza, iluminación e seguridade a que se ten condenado os veciños e veciñas da zona ao longo dos anos.

Térense reiniciado as expropiacións de terreos no contorno de Naval é un logro que anima aínda máis o BNG a reivindicar melloras noutras parroquias co apoio veciñal e coa presión social da mobilización.

# “Grazas á xestión do BNG, Oleiros conta ademais cun novo Centro de Día”

Antonio Ardá, novo responsábel local do BNG



Antonio Ardá Suárez

**Antonio Ardá Suárez.** Profesor Doutor da Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, adestrador de fútbol e novo responsábel local do BNG de Oleiros

**Que é o que che animou a converterte no novo responsábel local do BNG de Oleiros?**

Foi un acto de responsabilidade perante os meus compañeiros e compañeiras, que me apoiaron unanimemente e re-

presenta unha satisfacción que teñan confiado en min.

**Que obxectivos se marca o BNG de aquí ás eleccións de 2011?**

A organización encabezada institucionalmente por Fina Quintáns está a desenvolver un intensísimo traballo de visitas a entidades e parroquias, ademais de traballar cos veciños e veciñas na consecución das súas xustas demandas, como é o caso de Naval ou Os Tornos.

**Como ves a actual situación política no concello de Oleiros?**

Vexo un goberno que se limita unicamente a investir cartos doutras administracións e tentalos rendabilizar publicitariamente, mais que non ten ideas. E o PSOE e o PP estou a velos como a oposición máis frouxa da historia democrática do concello, pois vemos como Pablo Cobián está máis preocupado polo seu medre persoal utilizando Oleiros como catapulta e un PSOE dividido e sen liderado.

**En que ten contribuído o BNG de Oleiros ao concello de Oleiros?**

O BNG ten contribuído con diversos proxectos que hoxe todos e todas podemos ver que están aí grazas á xestión do BNG, polo cal nós sentimos unha grande satisfacción, pois indica que temos cumprido aquilo a que nos comprometemos. Grazas á xestión do BNG Oleiros pode contar cun novo Centro de Día, impulsamos a rede de Galescolas, finalizáronse as obras para o novo estadio do INEF, melloráronse os camiños rurais a través da Consellaría do Medio Rural no bipartito, ademais doutras numerosas contribucións, mais sobre todo o BNG ten demostrado que o seu paso polo goberno local foi o máis frutífero do punto de vista municipal no noso concello, xa que constituíu unha etapa de estabilidade, transformación e sentido común no goberno, xusto o que lle falta neste momento, en que o goberno de Alternativa non ten estabilidade nin ideas para o noso concello.

## A actividade do BNG reflicte un traballo a prol do benestar da xente



**A preocupación do BNG polos problemas da xente refléctese no traballo diario con iniciativas presentadas para:**

- A correcta sinalización do aparcadoiro de Canide, a eliminación de barreiras arquitectónicas para persoas con discapacidade, nomeadamente nos pasos a peóns, ou a reparación das bandas rugosas deterioradas.
- Mereceron atención os problemas educativos no inicio do curso escolar pois foi aprobada unha moción a iniciativa do BNG para que se garanta o dereito da cidadanía a un ensino público e de calidade.
- A homologación da titulación oficial na Escola de Danza e Música de Oleiros, coa correspondente acreditación oficial para que logo de as persoas realizaren os seus estudos de música nesta escola teñan unha acreditación oficial correspondente que lles recoñeza este feito e

lles sexa útil para continuaren as súas carreiras musicais. Tamén denunciámos as ilegalidades en que se incorreu e incorre na Escola Municipal de Música de Oleiros, ao se incumplir a lei de compatibilidades laborais no que respecta ao funcionariado, existindo casos de persoas que sendo funcionarias de institutos, conservatorios ou bandas, están a traballar na escola municipal, xuízos por temas laborais, presións a profesores e profesoras, e mesmo chamadas de atención a pais e nais de alumnos e alumnas por manifestaren o seu descontento perante o goberno local polas diversas irregularidades cometidas na escola.

- Implantación dunha Escola Oficial de Linguas no concello de Oleiros, debido ao aumento crecente da poboación e que entre as veciñas e veciños existe unha forte demanda deste tipo de servizos educativos.

- Malia se ter iniciado xa o proceso de expropiación dos terreos na zona de Naval, este feito non exime o goberno local de adecentar e limpar o contorno da zona, cumprindo coas ordenanzas de limpeza e facendo cumprir as persoas propietarias mentres non lles foren expropiados definitivamente os terreos, así como a limpeza regular da praia.

Ademais, presentouse unha denuncia diante do SEPRONA debido ao estado de abandono e insalubridade dalgunhas zonas do contorno.

- Oferenda floral organizada no pasado 17 de agosto, Día da Galiza Mártir, pola Asociación Socio-Cultural Vieiros e pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda.
- Construción de beirarrúas na Corredoira das Viñas, que une a Avenida Che Guevara á altura de Santa Cristina coa rúa Xosé Neira Vilas na Canteira de Perillo, ao estar esta sen beirarrúa e con escasa

iluminación, cunha calzada estreita que fai perigar a integridade das persoas nun tramo altamente denso en tránsito.

- Iniciativa no Parlamento galego para demandar da Xunta a instalación de beirarrúas na rúa Emilia Pardo Bazán, conexións de redes de sumidoiro, gas e outros servizos para a zona. Fina Quintáns tamén se reuniu cos veciños e veciñas da Regueira, pois considera que zonas limítrofes entre concellos deben ser tratadas a través dun traballo conxunto.
- Reparación inmediata da rúa dos Pozos en Montrove dado o estado de deterioro desta.
- Melloras para a parroquia de Nós logo de se ter reunido Fina Quintáns coa directiva da asociación de veciños "Os Rueiros" de Nós, así como con veciños e veciñas da zona. As demandas van desde a realización de melloras na vía pública, á mellora dos rexistros de pluviais na baixada da Urbanización Xardín de Nós á estrada AC221 (Salvador Allende), ou que o goberno local promova o acceso dos autobuses á marquesina existente en Xardín de Nós, entre outras.
- Interese no Parlamento de Galiza para

que a Xunta organice o grande concerto do Xacobeo 2010 en Santa Cristina igual que nos dous xacobeos precedentes.

- Creación dun tanatorio municipal ao non contar o concello cun tanatorio nin público nin privado.
- A portavoz Fina Quintáns visitou as pozas do antigo acceso á ría do Burgo na urbanización do Seixo e reclamou ao goberno local un valado como o colocado nas furnas do monumento natural da costa de Dexo e uns letreiros de advertencia para previr posíbeis accidentes na zona.
- Sistema de aluguer de bicicletas con puntos de intercambio nas principais localidades de Oleiros.
- Iniciativa no Parlamento reclamando da Xunta de Galiza a creación dun paso de peóns na estrada AC-174, na Avenida Rosalía de Castro, á altura da antiga Escoliña das Pedras, hoxe sede de Protección Civil de Oleiros, e para que controle a velocidade nese tramo.
- Acceso público á internet vía wi-fi. Esta medida facilitaría o acceso universal á rede e poría o concello de Oleiros na vangarda das telecomunicacións.
- O parlamentario Carlos Aymerich e a

parlamentaria Ana Luísa Bouza solicitaron da Xunta de Galiza a cubrición da pista polideportiva do IES Xosé Neira Vilas.

- Remodelación dos pavillóns polideportivos cubertos con cargo ao plan de investimento local.
- A actual Xunta de Galiza elude construír a galescola de Nós que comprometera Anxo Quintana.
- A nova pista de Skate proposta desde hai anos pola nosa organización é hoxe realidade, financiada agora polo Plan E e construída nos terreos fronte ao INEF, en Bastiagueiro. Esta pista de skate debe ter a necesaria iluminación que necesita.
- Construción de beirarrúas na Corredoi-ra das Viñas, así como a dotación desta dunha correcta iluminación.
- Iniciativa parlamentar para a construción dunha rotonda no cruce da Chasqueira, no punto quilométrico 3,5 da AC221, que une Iñás con Cambre.
- Iniciativa parlamentar defendida por Carlos Aymerich e Ana Luísa Bouza para a creación de pasos de peóns iluminados na Avenida Rosalía de Castro entre Montrove e Perillo tal e como demandan os veciños e veciñas da zona.

## O BNG, comprometido con Oleiros

A Consellaría do Medio Rural ten investido por primeira vez en Oleiros perto de 100.000 euros anuais na reparación de camiños no rural ademais de impulsar a creación de UXFOR (Unidades de Xestión Forestal) entre as persoas propietarias de monte en Oleiros.

A Consellaría de Innovación e Industria ten mellorado o interior do Mercado municipal de Perillo en colaboración co Concello de Oleiros e rematado a través de Xestur e coa Consellaría de Vivenda e Solo a urbanización do Mesón da Auga, de vivendas de protección, despois de dez anos de atrasos acumulados polos gobernos do Partido Popular. Ademais, desde a Dirección Xeral de Turismo impulsouse no Consorcio das Mariñas o Plano Comarcal de Turismo en que está incluído o concello de Oleiros.

Desde a Consellaría de Vivenda e Solo e a través do Plan Sectorial de Vivenda promoveuse para Oleiros un plano de case 600 vivendas de promoción

pública con máis de 150.000 m<sup>2</sup> de espazo e cerca de 40.000 m<sup>2</sup> de solo de equipamento nun lugar privilexiado como é Coruxo, ben perto do centro de Santa Cruz, para promover e xerar emprego e investimentos económicos sen precedentes no noso concello.

A Vicepresidencia da Xunta de Galiza dirixida polo nacionalista Anxo Quintana ofreceu o equipamento para os locais de ensaio, o traspaso de dúas escolas infantís á rede de Galescolas

este mesmo ano e outras dúas o vindeiro, ademais da construción doutra máis. Está finalizado o proxecto de construción dun grande Centro de Día (80 usuarios e usuarias) nas Galeras e apoiouse tamén economicamente a asociación de redeiras de Lorbé para dignificar esta profesión. Sen dúbida, estas e outras actuacións, constitúen un compromiso efectivo do BNG desde a súa responsabilidade do goberno exercido na Xunta de Galiza cos veciños e veciñas de Oleiros.



Reprodución do centro de día Das Galeras (Bastiagueiro)

# A Contracapa



Fina Quintáns, Portavoz Municipal do BNG no Concello de Oleiros, Carlos Aymerich, portavoz do BNG no Parlamento Galego, e Antón Tenreiro, membro do Consello Local do BNG de Oleiros

O BNG de Oleiros, con Fina Quintáns á fronte como portavoz municipal, nun exercicio de responsabilidade política apoiou a primeira aprobación inicial do PXOM aínda sen se compartir o documento plenamente. Posteriormente, e durante o presente mandato, o goberno unha serie de modificacións que non foron expostas publicamente.

O BNG, que apoiou o PXOM e a exposición pública do documento, mantivo neste mandato a mesma posición, con coherencia e con independencia, reclamando unha nova exposición pública con período de alegacións para preservarmos o dereito dos cidadáns e das cidadás a se informaren a respecto do documento máis importante que se aproba nun concello, para teren a posibilidade de realizaren as alegacións oportunas, caso así o estimaren.

No momento actual, o goberno local é incapaz de aprobar o PXOM definitivamente debido á permanente confrontación coas administracións e por causa da súa nula capacidade de negociación. Así mesmo, o Partido Popular e Pablo Cobián á súa fronte, lonxe de traballaren a favor do noso concello, dedícanse a obstruír e entorpecer o PXOM, prexudicando o conxunto da cidadanía e os intereses dun concello cunha excesiva dependencia do urbanismo.

No BNG consideramos que Oleiros non precisa de polémicas senón de solucións, nin de líderes que poñan por diante do interese xeral das e dos oleirenses os seus intereses partidistas e particulares. Así o denunciaremos publicamente en numerosas ocasións e seguiremos denunciándoo.

## Como contactar co BNG de Oleiros:

Casa do Concello, Praza de Galiza s/n, Oleiros  
Teléfono: 981.61.00.00 (Extensión: 4403)  
bng.oleiros@gmail.com  
www.finaquintans-bng.org  
www.blogoteca.com/bngoleiros

